



El Liceo de Ourense

XII PREMIO LITERARIO "CARLOS CASARES"

CONVOCADO POLO LICEO DE OURENSE, NA MODALIDADE DE MICRORRELATO

BASES

Primeira: Convócase a duodécima edición do PREMIO LITERARIO "CARLOS CASARES", do Liceo de Ourense, na modalidade de Microrrelato.

Segunda: Fíxase un PREMIO de MIL EUROS.

Terceira: Poderá concorrer a este premio calquera persoa que presente escritos inéditos da súa autoría cun máximo de tres, e redactados en calquera dos dous idiomas oficiais en Galicia.

Cuarta: Os orixinais terán unha extensión máxima de mil cincocentos caracteres, debendo presentarse por sextuplicado, e antes do 30 de novembro do ano 2014, na Secretaría do "Liceo de Ourense", sita na rúa Valentín Lamas Carvajal, 5. C.P. 32005 Ourense.

Quinta: Con cada orixinal, que deberá ser presentado baixo lema, adxuntarase en sobre pechado o nome completo, enderezo e teléfono da persoa que concorre ó premio, así como o título definitivo da súa obra.

Sexta: O Xurado estará integrado polo Presidente do Liceo de Ourense, don Xabier Casares Mouriño, e os membros da Sección de Literatura, don Delfín Caseiro Nogueira, dona Teresa Devesa Graña, dona Loly Conde Fernández, dona Rosa Estevez Redonet, don Segismundo Bobillo Morgade, actuando como Secretario Juan Fonseca Moretón.

Séptima: O xurado poderá declarar deserto o premio, no caso de non se presentar obras que teñan un mínimo de calidade. O Fallo do Xurado será inapelable.

Oitava: A entrega dos premios terá lugar nun Acto Literario enmarcado nas Festas do Nadal do Liceo.

Novena: O Liceo de Ourense resérvase o dereito de publicación da obra premiada, así como dos accésits no caso de habelos, feito que conlevará a renuncia do autor, ou autores premiados, a percibir os dereitos desta edición.

Décima: Os orixinais que non resulten premiados, serán destruídos nun prazo de tres meses dende o día do fallo, agás que se reciba solicitude por escrito para a súa devolución.

Undécima: A participación no Premio leva implícita a aceptación das presentes bases.

Ourense, 1 outubro marzo de 2014
A XUNTA DIRECTIVA.